

Portada | Vilagarcía | Cambados | Sanxenxo | O Grove | O Salnés | Caldas-Umia | Pontevedra | O Barbanza | Galicia | Deportes | España | Mundo | Economía | Sociedad | Sucesos | Comunicación | Última Páxina |

O equipo representa territorialmente a tódolos lugares do concello

O BNG presenta unha lista “de sobrada capacidade para asumir o goberno”

Redacción • Vilagarcía

O Consello Local do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía presentou onte ó público ós compoñentes da lista ca que concorrirán ás eleccións municipais do mes de maio. O candidato a Alcaldía, Xosé Castro Ratón dixo estar plenamente convencido de que o BNG entrará a formar parte do goberno municipal e sinalou que a candidatura nacionalista está formada por persoas “de sobrada capacidade para asumir ás funcións de goberno”. Na composición da lista destaca a xuventude e a presenza de mulleres, así como a inclusión de representantes de tódalas parroquias do municipio vilagarcían. Ademais das caras novas e sonadas incorporacións como a de Manuel Seixas, destacan outros históricos, coma Rosa Abuín, que ocupa un posto testimonial.



O cabeza de lista, Castro Ratón, xunto as mulleres que ocupan os primeiros postos da candidatura do BNG.

O Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía deu a coñecer onte a totalidade dos nomes que compoñen a candidatura para as próximas eleccións municipais. Xunto ó cabeza de lista, Xosé Castro Ratón, e o tamén concelleiro, Manuel Rico, nos primeiros postos da lista, atópanse caras novas, fichaxes soadas coma a do escritor Manuel Seixas, e a presenza de militantes históricos coma Rosa Abuín, que baixa varios postos respecto ás anteriores eleccións ocupando nesta ocasión o posto testimonial do número 21.

O candidato a Alcaldía, Xosé Castro Ratón destacou a valía de todos e cada un dos integrantes da lista do BNG advertindo “a sobrada capacidade para asumir o goberno municipal”. Neste senso o cabeza de lista asegurou estar plenamente convencido de que os nacionalistas entrarán a formar parte do goberno vilagarcían tralas votacións do 25 de maio.

Outras das características da candidatura presentada polo BNG é que nela están representadas territorialmente tódalas parroquias do municipio e que nela priman a mocidade e a presenza de mulleres. Respecto á representación fiminina, Xosé Castro apuntou que aínda que os dous primeiros postos da lista ocúpanos homes “estou seguro de que o grupo muniicpal do BNG vai ter máis mulleres que homes”, dando por feita a consecución de, cando menos, cinco ediles cando actualmente o BNG conta con dous.

A renovación tamén primou á hora de confecciona-la candidatura xa que o 60% dos seus integrantes nunca antes estiveran presentes nunha lista.

Finalmente Castro Ratón amosouse “moi orgulloso e honrado” de liderar una lista coma esta.